

NOTA: SE VOSTEDE É UN CONSUMIDOR, PODERÍA TER CERTOS DEREITOS LEGAIS QUE NON PODEN SER MODIFICADOS POR CONTRATO. NINGUNHA CLÁUSULA DESTES TERMOS DE LICENZA PRODUCIRÁ O EFECTO DE MODIFICAR ESES DEREITOS LEGAIS ATA O PUNTO DE QUE DITAS MODIFICACIÓNS ESTEAN EXPRESAMENTE PROHIBIDAS POLA LEI APLICABLE. SE SE PRECISA POR LEI UNHA TRADUCIÓN DESTES TERMOS DE LICENZA EN CALQUERA OUTRO IDIOMA, A VERSIÓN EN INGLÉS DESTES TERMOS DE LICENZA PREVALECERÁ SE EXISTISE ALGÚN CONFLITO OU DISCREPANCIA ENTRE A VERSIÓN EN INGLÉS E CALQUERA TRADUCIÓN. SE SE LLE FORNECEN ESTES TERMOS DE LICENZA NOUTRO IDIOMA QUE NON SEXA O INGLÉS, RIM FAINO UNICAMENTE COMO UNHA COMODIDADE PARA VOSTEDE.

TERMOS DE LICENZA DE
VISUAL VOICE MAIL

Research In Motion Limited ou unha das súas filiais ("RIM") ten o pracer de poñer á súa disposición a seguinte aplicación de software portátil de balde:

Visual Voice Mail (o "Software do cliente") é un software portátil de BlackBerry que facilita o uso de certos produtos portátiles para acceder aos servizos de mensaxería de voz que ofrece o seu Provedor de servizo de transmisión (o "Servizo de acceso") mediante unha interface visual.

PROPORCIÓNANSELLE A LICENZA DO SOFTWARE DO CLIENTE BAIXO OS TERMOS DO ACORDO DE LICENZA DE RIM PARA SOFTWARE ESTÁNDAR DE BLACKBERRY ("BBSLA"), MODIFICADO POR ESTE ANEXO. ESTE ANEXO E O BBSLA FORMAN COLECTIVAMENTE OS "TERMOS DE LICENZA" DO SOFTWARE DO CLIENTE. A menos que se defina o contrario no presente documento, todos os termos en maiúsculas usados no presente terán os significados atribuídos a ditos termos en maiúsculas no BBSLA.

AO ACEPTAR ESTES TERMOS DE LICENZA FACENDO CLIC EN "ACEPTO" NO ESPAZO INDICADO ABAIXO, VOSTEDE INDIVIDUALMENTE, OU SE VOSTEDE ESTÁ AUTORIZADO PARA ADQUIRIR O SOFTWARE DO CLIENTE NO NOME DA SÚA EMPRESA OU DOUTRA ORGANIZACIÓN, ENTÓN A ENTIDADE PARA CUXO BENEFICIO ACTÚA VOSTEDE, (EN CALQUERA DOS DOUS CASOS "VOSTEDE") ACEPTA A OBRIGA DE RESPECTAR ESTES TERMOS DE LICENZA DO SOFTWARE DO CLIENTE.

O "BBSLA" É UNHA FUSIÓN ENTRE O ACORDO DE LICENZA DE SOFTWARE EMPRESARIAL DE BLACKBERRY PREVIO E O ACORDO DE LICENZA DE SOFTWARE DE USUARIO FINAL DE BLACKBERRY. Con fin de asegurar: (a) a consistencia entre os termos básicos para calquera Software empregado coma parte da súa solución de Blackberry; e (b) a claridade no tocante a cales termos de licenza se aplican aos diferentes compoñentes do software portátil de Blackberry, sen importar a maneira na que obtivera o software portátil de Blackberry, AO INDICAR QUE ACEPTA ESTES TERMOS DE LICENZA DA MANEIRA DESCRITA ANTERIORMENTE, VOSTEDE TAMÉN ACEPTA QUE, NA DATA DE ACEPTACIÓN DESTES TERMOS DE LICENZA, O BBSLA SUBSTITÚE E INVALIDA CALQUERA OUTRO ACORDO DE LICENZA DE SOFTWARE DE RIM ANTERIOR QUE ESTEA VIXENTE NA ACTUALIDADE EN CALQUERA OUTRO SOFTWARE QUE SE EMPREGUE COA SÚA SOLUCIÓN DE BLACKBERRY. SE NON DISPÓN DO BBSLA VIXENTE Á MAN, PODE ATOPALO EN WWW.BLACKBERRY.COM OU POÑÉNDOSE EN CONTACTO CON RIM A TRAVÉS DE LEGALINFO@RIM.COM.

SE TEN CALQUERA PREGUNTA OU PREOCUPACIÓN ACERCA DESTES TERMOS DE LICENZA, PÓÑASE EN CONTACTO CON RIM A TRAVÉS DE legalinfo@rim.com. SE NON ESTÁ PREPARADO OU AUTORIZADO PARA ACEPTAR ESTES TERMOS DE LICENZA, NON DESCARGUE, INSTALE NIN EMPREGUE O SOFTWARE DO CLIENTE NIN NINGUNHA PARTE DESTE, XA QUE VOSTEDE NON TEN DEREITO A FACELO.

REQUISITOS XERAIS

O Software do cliente facilítalle o acceso e mais o uso do Servizo de acceso. RIM comprácese en poder ofrecerlle o software do cliente a Vostede, pero só pode facelo sempre que conte co seu claro entendemento, recoñecemento e consentimento de que o Servizo de acceso é un servizo de terceiros e/ou fornece acceso a Contido de terceiros e/ou Outros sitios fornecido polo seu Proveedor de Servizo de transmisión e/ou terceiras partes, ningún dos cales están baixo o control de RIM. Vostede debe ter coidado e asegurarse de que sabe con quen trata e coñece os termos e condicións de todos os acordos aplicables, incluídos, sen limitación, os termos de pagamento, termos de privacidade, a configuración de privacidade e as características de seguridade para protexer a súa información persoal e para garantir a súa seguridade persoal. Para usar o Software do cliente no seu produto portátil co fin de acceder e usar o Servizo de acceso: (a) debe ter unha conta activa e vixente para o Servizo de acceso, que se rexerá polos termos e condicións do servizo que Vostede aceptou; (b) o seu Proveedor de Servizo de transmisión debe permitirlle a vostede acceder ao Servizo de acceso a través do seu Produto portátil e (c) o Software do cliente deberá estar deseñado para funcionar na súa versión específica do Software portátil de Blackberry no seu Produto portátil.

TERMOS ESPECÍFICOS PARA O SOFTWARE DO CLIENTE

1. Definición de "Software portátil de Blackberry". O Software do cliente considérase incluído na definición de "Software portátil de Blackberry" no BBSLA.

2. Asistencia limitada, sen garantías nin responsabilidades. Se, aparte do estipulado expresamente neste Acordo, o Software do cliente non funciona segundo a Documentación nun prazo de noventa (90) días desde a data na que Vostede o instalou no seu Produto Portátil, pode poñerse en contacto con RIM e este fará os esforzos comerciais razoables para corraxir ou proporcionarlle unha solución alternativa ao problema (a reparación ou solución alternativa seralle fornecida dalgunha das maneiras posibles, incluíndo mediante unha chamada telefónica ou un correo electrónico de asistencia ao cliente, cun corrector ou actualización de software dispoñible no sitio web de RIM ou doutro xeito que RIM lle indique. Sen embargo, Vostede recoñece e acepta que, debido á natureza do Software do cliente, RIM non ten control sobre moitas das súas características e funcións e podería non ser quen de resolver o problema que vostede atope, mesmo facendo os esforzos comerciais razoables ou doutro xeito. O Software do cliente proporciónaselle como un elemento adicional e de balde co Software portátil de Blackberry de RIM e facilítalle o uso dun Servizo de Terceiros e/ou o acceso a Contido de terceiros e/ou Outros sitios. Polo tanto, sempre que non estea especificamente prohibido polas leis da súa xurisdición: (a) esta cláusula substitúe e invalida calquera garantía expresa do Software portátil de BlackBerry establecida no BBSLA do Software do cliente, e establece o seu único remedio a calquera problema que Vostede poida atopar co Software do cliente; (b) o Software do cliente proporciónaselle "TAL CAL" e "SE ESTÁ DISPOÑIBLE"; (c) ADEMAIS DAS LIMITACIÓNS, EXCLUSIÓNS E DESCARGOS DE RESPONSABILIDADE ESTABLECIDOS NO BBSLA, RIM NON SERÁ RESPONSABLE DA DISPOÑIBILIDADE, USO, RENDEMENTO DO SOFTWARE DO CLIENTE, SERVIZO DE ACCESO, CONTIDO DE TERCEIROS OU OUTROS SITIOS E RIM NON SERÁ RESPONSABLE DE NINGÚN TIPO DE DANOS QUE

POIDAN DERIVARSE DO SOFTWARE DO CLIENTE OU ESTEAN RELACIONADOS CON EL, O SERVIZO DE ACCESO, O CONTIDO DE TERCEIROS OU OUTROS SITIOS, SEXA CAL SEXA A CAUSA DE TALES DANOS E SEN IMPORTAR O FEITO DE QUE RIM SEXA AVISADO DA POSIBILIDADE DESES DANOS; e (d) o Servizo de acceso podería non estar dispoñible e/ou o Software do cliente podería deixar de permitirlle acceder ao Servizo de acceso nalgún momento e vostede non terá ningún recurso contra RIM se iso ocorre. Vostede reconece e acepta que RIM tería que cobrar cargos importantes polo Software do cliente e podería non ser quen de ofrecer o Software do cliente se non existisen tales descargos de responsabilidades, limitacións e exclusións.

3. Cancelación. Sen limitar o mencionado anteriormente, e ademais dos dereitos de cancelación de RIM establecidos no BBSLA, debido á natureza do Software do cliente, o Servizo de acceso, o Contido de terceiros e/ou Outros sitios, RIM resérvase o dereito, mais non ten obriga, de cancelar a súa licenza do Software do cliente en calquera momento, por calquera motivo e sen notificarllo. Sen embargo, se fose posible, RIM fará os esforzos comerciais razoables para fornecerylle o aviso de cancelación.

4. Conflito. Se algún dos termos e condicións deste Anexo discrepa cos termos e condicións do BBSLA ou con calquera outro anexo ou emenda ao BBSLA, estes termos e condicións gobernarán ata o punto da inconsistencia, pero soamente no relativo ao Software do cliente.

Examinei estes Termos de licenza e estou preparado e autorizado para aceptar unha licenza do Software do cliente baixo os termos e condicións establecidos nestes Termos de licenza.

Acepto

Non acepto